

ETIQUETADO DE PRODUTOS QUÍMICOS

A sinalización identificará obrigatoriamente:

- ◆ Nome do produto envasado e se é o caso a denominación corrente coñecida no mercado.
- ◆ Grao de concentración.
- ◆ Lugar de orixe.
- ◆ Casa produtora.
- ◆ Número ou sinal que identifique a operación ou o proceso da súa obtención.

Así mesmo se indicará de forma destacada (outro tipo de letra e de maior tamaño).

- Calidade perigosa do produto (tóxico, cáustico, ou corrosivo, inflamable, explosivo, oxidante, radioactivo ou nocivo) ou dalgún dos seus compostos (indicando a súa proporción).
- Descrición dos principais riscos, precaución que hai que tomar e primeiros auxilios (seguridade persoal) utilizando as frases normalizadas. Unha de cada grupo polo menos, nunca máis de catro, colocando en primeiro lugar a relativa á seguridade persoal.
- Esquema (símbolo) indicador normalizado indicativo da calidade perigosa do produto.

Primeiro Grupo-- Riscos específicos do produto

1. Explosión en estado seco.
2. Riscos de explosión por choque, fricción, lume ou outras fontes de ignición.
3. Grave risco de explosión por choque, fricción, lume e outras fontes de ignición.
4. Produto formado por bases metálicas explosivas moi sensibles.
5. Perigo de explosión pola acción da calor.
6. Pode provocar incendio.
7. Favorece a inflamación de materiais combustibles.

8. Explosivo na mestura con materias combustibles.
9. Inflamable.
10. Moi inflamable.
11. Extremadamente inflamable.
12. Gas licuado inflamable.
13. Gas licuado moi inflamable.
14. Gas licuado extremadamente inflamable.
15. Líquido inflamable miscible en auga.
16. Líquido inflamable non miscible en auga.
17. Reacciona violentamente coa auga producindo vapores inflamables.
18. Pode estalar en mesturas con substancias comburentes.
19. Inflamación espontánea ao aire.
20. Mestura vapor - aire explosiva.
21. Mestura gas - aire explosiva.
22. Pode formar peróxidos explosivos.
23. Emite vapores moi tóxicos.
24. Po nocivo.
25. Po tóxico.
26. Tóxico en contacto coa pel.
27. Produto nocivo por inxestión.
28. Risco grave de envelenamento en caso de inxestión.
29. Risco grave de envelenamento por inhalación ou inxestión.
30. Produto nocivo por inxestión ou por contacto coa pel.
31. Nocivo por inhalación, inxestión ou contacto coa pel.
32. Perigo de envelenamento grave por inhalación, inxestión ou contacto coa pel.
33. Gas nocivo.
34. Gas tóxico.
35. Gas moi tóxico.
36. Gas inodoro nocivo.
37. Gas inodoro moi tóxico.
38. Vapores nocivos.
39. Vapores e pos nocivos.

40. Emite vapores tóxicos.

41. Emite vapores moi tóxicos.
42. Emite gas tóxico en contacto coa auga.
43. Emite gas moi tóxico en contacto coa auga.
44. Emite gas tóxico en cotacto con ácidos.
45. Emite gas moi tóxico en contacto con ácidos.
46. Provoca queimaduras.
47. Provoca queimaduras graves.
48. Produce irritación na pel e nos ollos.
49. Produce irritación na pel, nos ollos e nas vías respiratorias.

Conservación.

50. Gardalo baixo chave.
51. Mantelo fóra do alcance dos nenos.
52. Gardalo baixo chave e fóra do alcance dos nenos.
53. Conservalo submerso en auga, risco de inflamación ao contacto co aire.
54. Conservalo en sitio fresco.
55. Gardalo fóra dos espazos habitados.
56. Conservalo submerso en auga.
57. Evitar os lugares con temperatura elevada.

Envases.

58. Ter o recipiente ben cerrado.
59. Ter o recipiente ben cerrado e nun sitio seco.
60. Ter o recipiente ben cerrado e nun lugar fresco.
61. Ter o recipiente cerrado nun sitio fresco e lonxe dos espazos habitados.
62. Manter o recipiente hermeticamente cerrado, nun sitio fresco e ventilado.
63. Manter o recipiente hermeticamente cerrado e nun sitio ventilado.
64. Manter o produto en estado humido, nun lugar fresco e nun envase ben cerrado.
65. Evitar o contacto co aire e a humidade.
66. Non cerrar hermeticamente o recipiente.

Precaucións

67. Non comer nin fumar durante a manipulación.
68. Non fumar durante a manipulación.
69. Non tirar residuos polos desaugadoiros.
70. Non verter auga nunca sobre este produto.
71. Non transportar nin conservar xunto aos explosivos.
72. Non transportar nin conservar xunto aos detonadores.
73. Non tomar medidas contra descargas electrostáticas.
74. Evitar o choque ou a frición.
75. Quitar con precaución o contido dos envases avariados.
76. Evacuar coidadosamente os residuos lonxe das plantacións.

Almacenamento

77. Mantelo lonxe dos alimentos ou das bebidas.
78. Manipular o recipiente con prudencia.
79. Non fricionar a billa ou a válvula.
80. Colocar o recipiente de pé e abrílo con coidado.
81. Mantelo lonxe dos ácidos.
82. Mantelo lonxe da calor, das chamas e das chispas.
83. Mantelo lonxe das chamas e das chispas.
84. Mantelo lonxe de materiais combustibles.
85. Mantelo lonxe de materiais comburentes.
86. Evitar a conxelación da auga do recipiente.
87. Manipular o recipiente con moita prudencia.
88. Mantelo afastado de metais e sales metálicas.

Instalación.

89. Evitar respirar o po.
90. Evitar respirar o po e as súas emanacións.
91. Evitar respirar os seus gases.
92. Evitar respirar os seus vapores aínda que sexan inodoros.

93. Evitar respirar os seus vapores aínda que sexan inodoros.
94. Evitar respirar os seus gases aínda que sexan inodoros.
95. Evitar respirar o po e as néboas de pulverización.
96. Evitar respirar o fume durante as fumigacións.
97. Evitar respirar o fume no caso de explosión.

Contacto.

98. Evitar o contacto coa pel.
99. Evitar o contacto cos ollos.
100. Evitar o contacto coa pel e cos ollos.
101. Evitar o contacto coa pel e cos ollos especialmente en solucións aceitosas.
102. Evitar o contacto coa pel, cos ollos e coa roupa utilizada na súa manipulación.
103. No caso de contacto coa pel lavar con auga e, se é posible cunha solución de sulfato de cobre. Retirar as partículas sólidas.
104. No caso de contacto coa pel ou con ollos, lavar con abundante auga.
105. Evitar o contacto con metais e sales inorgánicas.

Protección.

106. Quitar axiña a roupa manchada.
107. Levar roupa de protección durante a súa manipulación.
108. Levar roupa de protección durante a súa manipulación e levar luvas impermeables.
109. Protexer a respiración cunha máscara.
110. Protexer a respiración cunha máscara e levar luvas impermeables.
111. Manipulalo nun lugar moi ventilado ou utilizar máscara adecuada.
112. Protexer con gafas adecuadas.
113. Se se produce po durante a súa manipulación, protexer cunha máscara adecuada.

Hixiene.

- 114. Lavar inmediatamente as mans despois da súa manipulación.
- 115. Lavar inmediatamente as mans e o rostro con auga xabonosa despois da súa manipulación.
- 116. Lavar o piso, as paredes e todos os utensilios manchados con este produto.

Incendio.

- 117. Axustarse, para os lavados de locais e utensilios ás normas que se describen.
- 118. No caso de incendio non respirar o fume.
- 119. Se é fosforo inflámase, apagalo con auga, non respirar os vapores, e cubrir con area ou terra mollada.
- 120. No caso de incendio non utilizar un equipo adecuado.

Asistencia médica.

- 121. No caso de malestar acudir ao médico coa etiqueta do produto.

No caso de accidente acudir ao médico de urxencia coa etiqueta do produto.